

AS ANGARELLAS

ANTONIO FRAGUAS FRAGUAS

En Vimianzo saían coas *angarellas*, coa que serven os labradores o esterco, e poñían enriba un asno de palla, cuberto de branco, e a cabalo había un home e unha muller tamén de palla.

O martes, co arado dun labrego e dous homes vestidos de negro, representaban na praza unha sementeira.

Eles mesmos facían dúas vacas mal feitas, diante das cales ía un deles e detrás, cunhas barbas moi longas, ía o outro cun caldeiro de serraduras amasadas con auga sucia, que semellaba o trigo para a sementeira.

O labrego ao facer a sementeira arreboláballe as serraduras á xente que se atopaba ao seu carón e que, para non ser alcanzada, corría dun lugar a outro, carreiras que constituían o motivo principal da festa.

